

Plácido Álvarez Dobaño, na súa condición de portavoz do Grupo Provincial Popular na Deputación de Ourense, con base ao previsto nos artigos 91 e 97 do ROF, e de acordo á Lei de Base Reguladora do Réxime Local e o Regulamento da Corporación, presenta a seguinte **MOCIÓN RELATIVA AS COMISIÓNS QUE APLICAN AS ENTIDADES FINANCEIRAS POLOS DEPOSITOS DAS ENTIDADES LOCAIS**, para o seu debate no próximo pleno ordinario da corporación, tendo en conta a seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Vista a situación actual dos mercados financeiros marcada por unha política monetaria do Banco Central Europea cos tipos de xuro en negativo, varias entidades financeiras nas que a Deputación Provincial de Ourense ten aperturadas as súas contas comunicaron o cambio das condicións aplicables a estas, pasando a aplicar importantes comisións de mantemento en función dos saldos medios depositados nas mesmas.

Estas comisións chegan actualmente ata o 0,4% anual, anunciando ademáis as entidades financeiras un futuro endurecemento destas así como das franquicias exentas, como consecuencia da previsible prolongación desta situación actual de tipos en negativo.

Esta situación supón unha dura penalización ás entidades locais que nos últimos anos acadaron importantes superávits orzamentarios e polas limitacións impostas pola Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira non puideron ser utilizados.

No caso da Deputación Provincial de Ourense a aplicación destas comisións ós seus saldos medios podería supoñer un coste de ata 300.000 euros, que non poderán ser invertidos noutras necesidades dos nosos concellos ou cidadáns.



GRUPO PROVINCIAL POPULAR

En virtude de todo o exposto, o Grupo Provincial Popular propón ao pleno os seguintes:

ACORDOS:

Primeiro: Instar ó Goberno da Nación a adopción dunha solución para evitar os importantes costes que supoñen para as entidades locais ter depositados os saldos bancarios en contas das entidades financeiras, tal como a posibilidade de aperturar de unha conta sen comisións no Banco de España na que se podan ingresar os fondos.

Segundo: Remitir este acordo á Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), á Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) e ó Ministerio de Facenda.

Ourense, 10 de novembro de 2020

Asdo. Plácido Álvarez Dobaño

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE